



PLENO DA CORPORACIÓN
MUNICIPAL DE PONTEVEDRA |
SESIÓN DE TOMA DE POSESIÓN

Intervención de **Luís Rei** | Portavoz do **Grupo Municipal de Marea Pontevedra**

Dado que afortunadamente non foi o Partido Popular, do que estamos nos antípodas, nós quixeramos apoiar para a alcaldía o candidato da forza máis votada, que foi o Bloque. Somos conscientes do mérito que isto ten nunhas eleccións nas que o Bloque acaba de desaparecer das outras cidades do sur de Galicia. En atención tamén a este plus local de resistencia, gustaríanos poder prestarlle o noso apoio nesta sesión.

Pero hai unha cantas razóns que nolo impiden. A menor delas é que o Bloque, podendo, preferiu pasar do pequeno detalle de dirixirse a nós.

Se o fixese, teríamos o gusto de lembrarlles os compromisos que asumimos ante os veciños que participaron na nosa consulta do 15M: as cinco “liñas vermellas” de calquera acordo que queira contar co concurso de Marea Pontevedra.

Falo do Plan pola Economía e polo Emprego,

falo dunha Auditoría das contas,

falo da Desprivatización do ciclo da auga,

falo de impulsar unha Rede de transporte público

e falo do Orzamento participativo.

A omisión de un calquera destes cinco puntos, centrais para calquera opción de esquerda ou do nacionalismo progresista, impedirá que

Marea Pontevedra se sume a ningún pacto, e impide agora que lle prestemos a nosa confianza, aínda que fose unha confianza crítica, ao candidato do Bloque.

E tampouco non podíamos prestarlle esa confianza polo compromiso que nos ata co noso Código Ético, que impón un límite de dous mandatos consecutivos nun mesmo cargo institucional.

Por certo, sobre isto tamén pode esgrimirse un texto de dúas liñas:

“Establécese un límite de tres mandatos consecutivos na mesma función, tanto no que atinxe a cargos orgánicos coma institucionais”. É, por certo, o artigo 12.7 dos Estatutos do Bloque Nacionalista Galego.

Debo lembrar que o señor Fernández Lores, do Bloque, leva presente aquí desde 1987, oito mandatos, e os últimos catro, é dicir, dezaseis anos xa, como alcalde. Ademais, rodeado dun grupo no que concorren as mesmas circunstancias.

Esta non é unha cuestión irrelevante. É unha cuestión central para milleiros de persoas que hai catro anos saíron ás prazas demandando democracia real xa, e con iso abriron o período de transformación política que hoxe estamos a vivir.

Marea Pontevedra, por tanto, non podería facer coincidir o seu desexo de apoiar neste pleno ó candidato da forza máis votada coa condición de ter que facelo ó señor Fernández Lores.

Isto deixaba aberta a opción de absternos. Mais, por mandato da nosa asemblea, escollemos a opción que fai máis visible que temos un programa alternativo “aos de sempre”.

Esta opción é a de presentar a nosa propia candidatura á alcaldía, aínda sabendo as nulas posibilidades de éxito nesta sesión, dada a composición do pleno.

Independentemente do resultado, o que si deixará nido esta candidatura é a nosa vontade de exercer con claridade a oposición en que nos situaron os electores aos que nos debemos.

13 de xuño de 2015